

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE FEBREIRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 3 de febreiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 31 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente da xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2 e 4)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. UTE CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. - IZCON MODEL, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 2. CIVIS GLOBAL, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4C-5F2D2A-2844CD-94MQ4C-PYB9JN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
4. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
5. ORECO, S.A.U.
6. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
7. PROYECON GALICIA, S.A.
8. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
9. UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)
10. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS - CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS OREGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 18 de xaneiro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 14 de xaneiro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.
2. QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.

Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 26 de xaneiro de 2022 as técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen que ambas ofertas poden ser viables.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4C-5F2D2A-2844CD-94MQ4C-PYB9JN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)

Entrégase o informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 26 de xaneiro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe asinado o 2 de febreiro, polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a técnica de Administración Xeral (Resolución de 27/01/2022) que corrixe o anterior. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 2 de febreiro.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.	81,52
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	61,39
3	CUALTIS PREVENCIÓN, S.L.U.	59,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASPY PREVENCIÓN, S.L.U. (B-98.844.574), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4C-5F2D2A-2844CD-94MQ4C-PYB9JN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 27 de xaneiro se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSAPLAG, S.L., a resolución de clasificación co requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Dentro do prazo concedido, o 31 de xaneiro, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a COSAPLAG, S.L. para que emende a seguinte documentación:

1. Medios persoais: deberán completar a documentación presentada para acreditar a capacitación e experiencia de todos os medios, responsables técnicos e aplicadores de tratamentos de biocidas, tanto os esixidos como os propostos na súa oferta, e de conformidade co previsto no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Solvencia técnica: de conformidade co esixido na cláusula 8 do PCAP "*Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*", mentres que o licitador unicamente presenta unha declaración de traballos efectuados con entidades públicas e privadas.
3. Solvencia económica: de conformidade co esixido na cláusula 8 do PCAP "*Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito*". Na documentación presentada polo licitador non consta o volume de negocios polo que non se pode comprobar se posúe a solvencia esixida.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:37	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4C-5F2D2A-2844CD-94MQ4C-PYB9JN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		